

Contratación de profesorado

O longo do curso plantexouse na Xunta de Persoal Docente e Investigador da Universidade de Santiago a necesidade de definir unha nova figura de profesorado universitario en base ó apuntado no artigo 104.5 dos Estatutos da Universidade de Santiago. Por parte da Sección Sindical de CC.OO. mantívose ó longo dos debates unha posición concretada nos seguintes puntos:

a) Na Universidade Galega hai unhas necesidades de profesorado derivadas dos incrementos de estudiantado e do número de titulacions que non poden ser cubertas pola vía de acceso -excesivamente ríxida e pouco funcional- estipulada na LRU. Esta limitación é outra manifestación do divorcio que existe entre a LRU e a situación real existente nas Universidades do estado.

b) A figura de profesorado prevista no artigo 104.5 dos Estatutos da nosa Universidade non debe ser demandada en abstracto. Compre especifica-las condicións para o acceso, posibilidades de formación e permanencia desta nova figura de profesorado, así como o seu estatus e relacións coas outras figuras xa existentes na LRU.

c) Concretado-los tipos de contratación propostos polas centrais CXTG, UGT, CC.OO. e ASDUGA, CC.OO. considera que non é posible chegar a un deseño común da figura de profesor contratado propio. Pola nosa parte non é aceptable a creación de figuras que imposibiliten o noso obxectivo de acadar un corpo único de profesorado con plena capacidade investigadora e diferenciacións funcionais.

CC.OO. vos presenta un avance da proposta de contratación de Profesorado en Formación que se está a debater no Sindicato, e que constitúe un tema de tanta transcendencia para a nosa Universidade. As críticas e suxerencias as podes manifestar ós afiliados de CC.OO. do teu centro, ou ós membros deste sindicato na Xunta de Persoal Docente.

Proposta de CC.OO.

1) Introducción.

Calquera alternativa a un problema de profesorado universitario debe contemplar para CC.OO. o seu obxectivo estratéxico: o corpo único de profesores universitarios. Como xa se plantexou no noso programa electoral, a consecución da plena capacidade docente e investigadora para todo o profesorado universitario sería o elemento fundamental para facilita-la consecución dese obxectivo. De al que as nosas reivindicacións para os profesores titulares de EU vaian encamiñadas a posibilitar esa finalidade (reducción de horas de docencia para a realización da Tese de Doutoramento, permiti-la súa incorporación en equipos de investigación...), entendendo, dende esta óptica, que esta figura de profesorado debe ser superada como tal.

Esto quere decir que o acceso ó profesorado debe ser posterior a un período de formación na investigación (que se concretaría nun traballo que debe ser avaliado) que no seu último tramo inclúe a colaboración docente.

2) Problemas de xeneración do profesorado.

No momento actual, nunha parte importante das áreas, pódense detectar enormes dificultades para cubri-lo programa de formación investigadora dos efectivos mínimos necesarios dacordo coa necesidade de profesores universitarios, pois moitos dos recursos humanos que deberían adicarse a esa formación teñen que cubri-lo obxectivo inmediato da docencia nos dous primeiros ciclos. Estes problemas teñen especial incidencia na Universidade Galega que se ve obrigada a abordar un crecemento elevado tanto do número de estudantes como das titulacións a impartir.

3) Actuacións.

A resolución dos problemas aludidos esixe un conxunto de medidas que ben contribúen ou ben complementan o mecanismo de acceso usual pola vía de bolseiro e axudante. Entre elas:

Plan de formación do profesorado, que contemple un incremento sustancial da contía das bolsas do 3º ciclo e do número das bolsas de Iniciación á Investigación, con especial incidencia naquelas áreas nas que se detecte un acusado déficit de profesorado.

Plan de captación de profesores visitantes, dirixido á formación de investigadores nas áreas nas que o número de profesores formados sexa baixa.

Contratación pola Universidade dun novo tipo de profesorado, en concreto da figura que se caracterizará de seguido:

4) Profesorado en formación.

Concíbese como un profesor que desenvolve tarefas docentes cunha extensión o suficientemente limitada como para que dispoña do tempo requerido para completa-la súa formación investigadora. Trátase polo tanto dun profesor a contratar temporalmente, xa que nese período remataría a súa formación docente e investigadora e estaría en condicións de acceder ó estatus de profesor.

A pretensión desta proposta é recoller para a carreira universitaria aqueles recursos humanos cunha parte importante desta carreira xa feita, pero que os desaxustes da concreción do modelo actual non lles permitiu completala. Estamos pensando en universitarios que teñen feito o terceiro ciclo ou os antigos cursos de doutoramento completos e que estarían, entre outras, nalgunha destas situacións:

- Axudantes do primeiro período que non remataron a súa tese.
- Becarios de iniciación á investigación, FPI ou asimilados.
- Profesores doutros niveis do ensino que no seu día colaboraron no ensino universitario.

O proceso de selección, dirixido á súa incorporación, o faría a correspondente comisión en base a un baremo no que se tivese en conta os anos de docencia ou colaboración no ensino universitario, docencia noutros niveis do ensino e curriculum e tese, no seu caso.

O período de contratación sería en torno ós seis anos, ó remate dos cales a relación coa univesidade sería o traveso dalgunha das figuras contempladas na LRU que, de acordo cos nosos plantexamentos, posúan plena capacidade investigadora

As obrigas docentes serían as correspondentes ó encargo dun grupo de 1º ou 2º ciclos mailas horas de titoría correspondentes.

Para o salario tomaríase como referencia a dun Asociado do máximo nivel.